



ACTA Nº 2025/6

Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, venres 25 de abril de 2025

No día de hoxe, ás 09:10 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Manuel Pose Tomé

D. Sergio Miñones Oanes

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

AUSENCIAS:

PSOE

D. Mario Andujar Mouzo

Grupo Mixto-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada

A Alcaldesa presidenta xustifica a ausencia de D. Mario Andújar Mouzo por razóns laborais e de



D. José Manuel Rodríguez Blanco por motivos persoais.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

1º. Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 2025/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

1º. Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 2025/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o martes, día 22 de abril de 2025, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 2025/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 14 de abril de 2025, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

1	Expediente	
	- Expedientes de Tedec - Expedientes nº	2025/T002/000011 2025/SC/02

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito financiado con remanente de crédito para gastos xerais.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:



PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2025/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais para os seguintes gastos:

1. Pavimentación de vías publicas Outros subministroos
2. Pavimentación de vías publicas Outros traballos por empresas
3. Pavimentación de vías publicas Maquinaria instalacións e utilaxe
4. Pavimentación de vías publicas Outros Gastos diversos
5. Estradas Outros subministroos
6. Estradas Outros traballos por empresas
7. Promoción do deporte Arrendamento de maquinaria
8. Promoción do deporte Outros Gastos diversos

O expediente de modificación de créditos do vixente Orzamento municipal adopta a modalidade de suplemento de crédito, de acordo co seguinte detalle:

	GASTOS			INGRESOS	
	Aplicación Orzamentaria		Importe	Aplicación Orzamentaria	Importe
1	1532	22199	100.000,00 €	87000	400.000,00 €
2	1532	22799	30.000,00 €		
3	1532	21300	20.000,00 €		
4	1532	22699	100.000,00 €		
5	453	22199	100.000,00 €		
6	453	22799	30.000,00 €		
7	341	20300	10.000,00 €		
8	341	22699	10.000,00 €		
TOTAL			400.000,00 €	TOTAL	400.000,00 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”



Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable a proposta de acordo.”

O Interventor e a Alcaldesa-Presidenta explican o reparto do RLTGG, que financia o suplemento de crédito, co fin principal de ampliar ós créditos das aplicacións do Capítulo II do orzamento de gastos para a compra de material de obra, tuberías e demais, que colocan os propios traballadores do concello aproveitando obras públicas contratadas.

D. Benjamín Queiro Pérez pregunta sobre a motivación do carácter extraordinario do Pleno, xa que no mes de maio haberá un pleno ordinario.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que para contratar necesita ter retención de crédito, e se non figura ese crédito non se pode contratar, e o aumento de custes e a gran labor que se fai no concello polos traballadores para mellorar o saneamento e pluviais implica un alto gasto de material, amáis de que os prazos da aprobación están supeditados a unha exposición pública e non é inmediata esta modificación.

Pásase á votación do asunto, obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:16 horas, a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión extraordinaria, e eu como secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O secretario xeral
Francisco Javier Novoa Juiz